
Negociación Colectiva – Convenio 2015

Sen PARTICIPACIÓN non hai DEMOCRACIA

A negociación deste convenio está deitando claridade sobre o modelo de relacións laborais que lle interesa á empresa e que están aceptando CCOO e UGT. Os pactos que estas organizacións sindicais acordan coas patronais teñen moito a ver co que acontece en Telefónica e coa aceptación dun escenario negociador que afasta aos traballadores e traballadoras da negociación para beneficio da empresa.

Nos borradores que se presentaron na mesa negociadora vemos como se pretende blindar a negociación futura para que só participen CCOO e UGT, tamén para que nas múltiples mesas de negociación que se crearán, e onde seguirán modificando á baixa as nosas condicións laborais, só estean os socios sindicais da empresa. Pretenden que os órganos legais de representación (Comités Provinciais e Comité Intercentros) non estean presentes na negociación, substituíndoos por aqueles que se están a levar millóns de euros a través da xestora que ten cautivo o Plan de Pensións.

A empresa avanza na desregulación das nosas condicións laborais, tanto en materia de horarios e xornada como de funcións e actividades para calquera das tres empresas, e baixo un mando de calquera delas. Avanza na extensión das disponibilidades para calquera área da empresa co que estamos a poñer o noso tempo a disposición da empresa. Avanza na destrución de emprego, substituíndo emprego de calidade por emprego precario e miserento nas contratas.

A empresa avanza na liquidación de todo un corpo normativo que foi conquistado coa loita de moitos anos e que supón un atranco a esa “transformación” que leva tempo perseguindo a dirección. O modelo está cada vez máis claro: reparto de beneficios para os directivos e destrución de emprego e das condicións laborais para os traballadores e traballadoras.

Para avanzar nesa “transformación” leva anos asegurándose o apoio dunhas organizacións sindicais vendidas que levan tempo dándolle as costas ao conxunto dos traballadores e traballadoras. Vímolo en moitos conflitos que foron aparecendo e nos despedimentos onde estiveron desaparecidos, nalgúns casos incluso chegaron a xustificar a actuación da empresa.

Nesta situación só nos queda a forza que poidamos demostrar os traballadores e traballadoras, temos que esixir que o convenio se someta a **REFERENDO, sen PARTICIPACIÓN non hai DEMOCRACIA**. Se hoxe non reaccionamos e nos movemos pagaremos as consecuencias no futuro, mirar para outro lado nunca é a solución e agardar que outros nos solucionen os problemas tampouco.

QUEREMOS DECIDIR - QUEREMOS REFERENDO

Infórmate, reflexiona, actúa... Mobilízate!

A Coruña 20 de novembro de 2015